

## Rehabilitación de vivienda habitual para persoas traballadoras [2026]

Subvencións a persoas físicas e xurídicas e concellos para a rehabilitación de vivendas destinadas a vivenda habitual de persoas traballadoras que teñan suscrito ou subscriban contrato de traballo con empresas que dispoñan de centros de traballo en Galicia, en réxime de alugamento ou cesión de uso



Orzamento 2026-2027

1.500.000 €

Prazo aberto do  
16 de maio e ata o  
15 de xullo de 2026



**Persoas beneficiarias**

Procedemento TR358E

0,75 M€

- » Empresas con centros de traballo en Galicia que dispoñan de vivendas, das que sexan propietarias, usufrutuarias ou cesionarias do seu uso por un prazo mínimo de 10 anos, e que vaian ser destinadas á vivenda habitual de persoas traballadoras coas que teñan suscrito ou subscriban contrato de traballo.
- » Persoas físicas ou xurídicas que dispoñan de vivendas, das que sexan propietarias, usufrutuarias ou cesionarias do seu uso por un prazo mínimo de 10 anos e que teñan suscrito con algunha das empresas referidas no parágrafo anterior o oportuno instrumento xurídico onde acorden destinar a vivenda a rehabilitar a vivenda habitual de persoas que teñan suscrito ou subscriban contrato de traballo con esa empresa.

Procedemento TR358F

0,75 M€

- » Concellos que dispoñan de vivendas, das que sexan propietarias, usufrutuarias ou cesionarias do seu uso por un prazo mínimo de 10 anos e que teñan suscrito con algunha das empresas referidas no apartado anterior o oportuno instrumento xurídico onde acorden destinar a vivenda a rehabilitar a vivenda habitual de persoas que teñan suscrito ou subscriban contrato de traballo con esa empresa.



**Actuación subvencionable**

- » Rehabilitación das vivendas situadas en concellos con menos de 20.000 habitantes (segundo as últimas cifras oficiais publicadas polo IGE na data de publicación desta convocatoria). Inclúense:
  - Obras de rehabilitación, terminación e/ou ampliación de vivendas, entendéndose incluídas as de accesibilidade, conservación, habitabilidade, sustentabilidade e eficiencia enerxética das vivendas.
  - Se así o solicita, a contratación dun seguro de impago do alugamento ou cesión de uso sobre a vivenda obxecto da actuación.
- » Non serán subvencionables as actuacións iniciadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026.

O prazo de execución virá na resolución, non podendo exceder os 18 meses desde a notificación.



Máis información



012

**Rehabilitación de vivenda habitual para persoas traballadoras [2026]**

**Contía das axudas**

		Límite por vivenda rehabilitada	Límite conxunto por inmovible (se aplica)
Para vivenda unifamiliar	95 % do orzamento protexido das obras	TR358E <b>50.000 €</b>	<b>300.000 €</b>
		TR358F <b>75.000 €</b>	
Edificios colectivos inacabados	95 % do orzamento protexido das obras	<b>30.000 €</b>	
Seguro de impago (opcional)	600 € polo tempo de duración do alugamento ou cesión de uso da vivenda, ata máximo anual	<b>5 anos</b> máximo	

- O límite máximo por vivenda rehabilitada **incrementarase en 1.000 €** no caso de que a vivenda unifamiliar ou o edificio residencial colectivo a rehabilitar estean situados nunha **área Rexurbe**.
- O orzamento de execución **poderá incluír** os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.


**Réxime de concesión**

- » O procedemento de concesión de subvencións tramitarase e resolverase en réxime de **concorrenza competitiva**.
- » Poderá concederse un **máximo** de.
  - **Tres axudas** por persoa solicitante para o caso de **vivendas unifamiliares**.
  - **Dez axudas** se se trata de vivendas que formen parte dun edificio residencial colectivo **inacabado** ou que se encontre en situación de **esqueleto inmobiliario**.

Acceso á ficha na sede electrónica

**TR358E**

**TR358F**


[Pulsa ou escanea para acceder]


**Requisitos da vivenda obxecto da actuación**

- » Deberá estar en Galicia, e reunir as **condicións adecuadas de habitabilidade e mantemento** no momento de ofrecela en alugamento ou cesión de uso.
- » Poderán ser **unifamiliares** ou **edificios residenciais** colectivos inacabados ou que se encontren en situación de **esqueleto inmobiliario**.
- » Deberá dispor dunha **superficie útil mínima de 90 m<sup>2</sup>** se se trata de vivenda unifamiliar e de **70 m<sup>2</sup>** se se trata de vivenda que forme parte dun edificio.
- » Non poderá estar situada a unha distancia superior a **15 km do centro de traballo da persoa traballadora** que vaia residir nela.
- » Deberá destinarse a alugamento ou cesión de uso **durante o prazo mínimo establecido** nas bases. Será admisible que o arrendatario sexa a propia empresa empregadora, procedendo neste caso a cesión do uso da vivenda á persoa traballadora.
- » A **renda mensual** da vivenda ou o prezo de cesión **non poderá superar os importes previstos no Programa Fogar Vivo** do Instituto Galego de Vivenda e Solo.



Máis información



012